


# CORRELINGUA

Como ben sabedes, este ano estivo adicado ao grande **Uxío Novoneyra**..

Durante toda a semana o alumnado do centro xunto co profesorado estivemos a coñecer a figura e a obra de Uxío, a vez que preparar a participación no correlingua, que se ía celebrar en Verín. O tempo fixo que se suspendera a concentración de colexios da comarca na praza do concello, mais nós conmemoramos as letras galegas celebrando o noso particular correlingua no centro.

O escenario trasladámolo ao aula de audiovisuais, ambientado para a ocasión. O alumnado de 6º recitou varias poesías escritas polo autor conmemorado. Coa lectura da poesía, alumnos de 5º mostraban un mural que recollía dunha maneira moi gráfica, as verbas que estaban a soar.



Tras a lectura de cada poema traballamos posibles títulos para cada un deles, alternativos aos postos polo autor. Despois do recital, proxectouse unha montaxe audiovisual "Festa das Letras Galegas". Rematamos a sesión con dous videoclips para os cativos que os invitaban a bailar e a divertirse.

